

## MEDIDAS EXISTENTES PARA FAVORECER A CONCILIACION ENTRE A VIDA FAMILIAR E A ACTIVIDADE LABORAL NA UNIVERSIDADE DE A CORUÑA

Este documento pretende ser un resumo informativo da lexislación actual más representativa en termos de medidas de conciliación, aplicables ao persoal docente e investigador (PDI) e mais ao persoal de administración e servizos (PAS) da nosa universidade. A existencia deste documento non exime ás persoas interesadas de se informaren en profundidade sobre o alcance das medidas, así como dos mecanismos organizativos necesarios para poñelas en marcha de seren necesarias. Neste último aspecto as persoas interesadas deberán poñerse en contacto co Servizo de PDI ou Servizo do PAS, segundo proceda.

**Nota:** coma norma xeral, ao **PDI funcionario** aplícaselle a normativa do **Estatuto básico do empregado público** (EBEP) mentres que ao **PDI laboral**, o **II Convenio colectivo do PDI do sistema universitario de Galicia**. Ao **persoal de administración e servizos** (PAS) aplícaselle a **Lei de emprego publico de Galicia** (Lei 2/2015, do 29 de abril; DOG do 4 de maio). A *Universidade da Coruña no Acordo do consello de goberno do 28/02/2018 acordou aplicar ao seu PDI, independentemente do seu vínculo, as melloras que, no referente a permisos e licenzas no ámbito das políticas de igualdade, se establecían na Lei de emprego público de Galicia*

MEDIDAS RELACIONADAS COA XORNADA LABORAL E OS HORARIOS		
MEDIDAS	PDI	PAS
Flexibilización de horarios.	- Preferencia na elección de materias docentes para impartir e de horarios, sempre que sexa posible, para quen teña menores de tres anos ao seu cargo, ou quen teña ao seu cargo exclusivo e conviva con familiares dependentes (ata segundo grao) ou con gran dependencia (grao III) <sup>1</sup>	- O persoal que teña persoas dependentes ao seu cargo ou fillos menores de 12 anos poderá flexibilizar o seu horario ata un máximo de dúas horas no marco da súa xornada laboral. -Cambio de quenda por razóns de conciliación, máximo 5 días cada tres meses <sup>4</sup>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Terá preferencia na elección de horarios respecto a outro profesorado da mesma categoría profesional, sempre que sexa posible, quen teña ao seu cargo fillos/as <b>maiores de tres e menores de doce anos</b> ou quen teña ao seu cargo exclusivo e conviva con familiares dependentes e non se atope no caso anterior<sup>1</sup></li> <li>-Nos supostos anteriores as <b>familias monoparentais</b> terán preferencia sobre o resto<sup>1</sup></li> <li>-O II convenio colectivo do PDI recolle o dereito a flexibilizar a xornada por coidado de menores de 12 anos<sup>2</sup></li> <li>-As empresas con +50 traballadores teñen que negociar co traballador o horario, se o traballador o solicita por motivos de conciliación<sup>3</sup></li> </ul>	
--	---	--

### MEDIDAS RELACIONADAS CO NACEMENTO OU ADOPCIÓN DE FILLOS/FILLAS

MEDIDAS	PDI	PAS
Permiso por parto, adopción ou acollemento (tanto preadoptivo como permanente ou simple)	22 semanas ininterrompidas. +2 se o/a fillo/a ten discapacidade +2/fillo/a a partir do segundo se é parto múltiple -se é neonato e ten que estar hospitalizado tantos días como dure a hospitalización ata un máximo de 13 semanas adicionais <sup>6,7</sup>	22 semanas ininterrompidas +2 se o/a fillo/a ten discapacidade +2/fillo/a a partir do segundo se é parto múltiple <sup>4</sup>
Permisos por adopción internacional	Se fose necesario o desprazamento previo das persoas proxenitoras ao país de orixe, terase dereito, ademais, a un permiso de ata tres meses de duración, e durante este período percibiranse exclusivamente as retribucións básicas <sup>6,7</sup>	Se fose necesario o desprazamento previo ao país do menor, o/a traballador/ra ten dereito a un permiso máximo de 3 meses coas retribucións básicas. O permiso poderá iniciarse 4 semanas antes da decisión xudicial de acollemento <sup>4</sup>

Permiso retribuído a partir da semana 37 ou 35 de xestación parto múltiple	<b>Funcionarias empregadas públicas:</b> en estado de xestación, un permiso retribuído, a partir do día primeiro da semana 37 ou semana 35 de embarazo en caso de xestación múltiple, ata a data de parto <sup>8</sup>	Permiso retribuído a partir da semana 37 ata a data do parto. Se é múltiple a partir da semana 35 <sup>4</sup>
Permiso do proxenitor diferente da nai biolóxica por nacemento, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento	En 2020, a duración do permiso será de doce semanas. A partir de 2021, a duración do permiso será de dezaseis semanas <sup>8,3</sup> En caso de adopción: en 2020, cada proxenitor disporá de 6 semanas inmediatamente despois da resolución xudicial. Ata un total (en conxunto os dous) de 16 semanas cun máximo de 10 semanas un proxenitor. No 2021, cada proxenitor desfrutará de igual período de 16 semanas, a partir da decisión xudicial <sup>3</sup>	
Fecundación asistida	Permisos retribuídos necesarios para se someter a tratamentos de fecundación asistida, a duración do permiso limitarase á practica dos tratamentos. Se a necesidade do tratamento xustifica desprazamento, a duración do permiso será de dous días. O mesmo permiso recoñecerase ao cónxuge ou parella <sup>6,7</sup>	Permisos retribuídos necesarios para se someter a tratamentos de fecundación asistida, a duración do permiso limitarase á practica dos tratamentos. Se a necesidade do tratamento xustifica desprazamento, a duración do permiso será de dous días. O mesmo permiso recoñecerase ao cónxuge ou parella <sup>4</sup>
Substitución do permiso de lactación por un permiso que acumule en xornadas completas o tempo correspondente	-1 h/día de ausencia do traballo que poderá dividir en dúas fraccións ou substituírse por unha redución da xornada normal en media hora ao comezo e ao final da xornada ou, 1 hora ao comezo ou ao final da xornada. Estedereito poderá ser exercido indistintamente por unha ou outra das persoas proxenitoras -substitución do tempo de lactación por un permiso retribuído que acumule en xornadas completas o tempo correspondente (30 días naturais). -incrementarase proporcionalmente nos casos de parto múltiple. -Nos supostos de adopción ou acollemento, este dereito computarase durante o primeiro ano desde a resolución xudicial ou administrativa de adopción <sup>2,7,6</sup>	Ausentarse 1 h/diaria ou dúas fraccións de media hora aplicado ao inicio ou final da xornada. Pode acumularse 1 h/día (total duración 150 h) ou parcialmente en xornadas completas para facer uso despois do permiso de maternidade ata que o fillo teña 12 meses. Se os dous proxenitores traballan, o dereito ao permiso de lactación pode ser exercido indistintamente. No suposto de parto ou adopción múltiple, o permiso incrementarase en proporción ao número de fillos <sup>4</sup>

Permisos para asistencia a exames prenatais, preparación ao parto ou asistencia ás sesións de formación e información nos casos de adopción ou acollemento	O tempo necesario dentro da xornada laboral das traballadoras embarazadas <sup>2</sup> . O persoal terá dereito aos permisos correspondentes para acompañamiento ao/á cónxuge ou parella de feito <sup>6,7</sup>	O tempo indispensable necesario dentro da xornada laboral para asistir. O persoal terá dereito aos permisos correspondentes para acompañamiento ao/á cónxuge ou parella de feito <sup>4</sup>
Cómputo dos tramos de investigación para a avaliación da actividade científica e investigadora (sexenios)	Aquelas mulleres que así o desexen poderán prorrogar o último sexenio vivo un ano por cada permiso que gocen por nacemento, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento <sup>9</sup>	

### MEDIDAS RELACIONADAS CO COIDADO DOS FILLOS/FILLAS E PERSOAS DEPENDENTES

MEDIDAS	PDI	PAS
Redución da xornada por razóns de garda legal (<12 anos), ou coidado de persoa maior dependente, de persoa con discapacidade, coidado do cónxuge ou parella de feito ou un familiar ata II grao	Redución da súa xornada de traballo (co límite que se determine regulamentariamente), coa diminución que corresponda nas súas retribucións <sup>2,6,7</sup>	Redución de ata 4h/día con redución proporcional nas retribucións <sup>4</sup>
Permiso por coidado de fillo/filla menor afectado por cancro ou outra enfermidade grave	Redución da xornada de traballo de ata a metade da xornada laboral percibindo as retribucións íntegras, sempre que ambos os proxenitores traballen, durante a hospitalización e tratamento continuado, como máximo, ata que o menor cumpra os 18 anos <sup>6,7</sup>	
Redución de xornada para atender ao cónxuge, parella	Redución de ata o 50% da xornada laboral, con carácter retribuído, polo prazo máximo dun mes (prorrogable ata 2 meses ) <sup>6,7</sup>	

de feito, un fillo/filla menor ou menor en acollemento preadoptivo, familiar en primeiro grao con outra enfermidade grave			
Redución de xornada para atender ao coidado dun familiar en primeiro grao ou menor en acollemento preadoptivo con enfermidade grave ou discapacidade	Redución da súa xornada de traballo (co límite que se determine regulamentariamente), coa diminución que corresponda nas súas retribucións <sup>6,7</sup>		
Permiso por nacemento de fillos prematuros ou que deban permanecer hospitalizados a continuación do parto	Ausentarse do traballo durante un máximo de 2 horas diárias mentres dure o período de hospitalización percibindo as retribucións íntegras. -Redución da xornada ata un máximo de 2 horas, coa diminución proporcional das súas retribucións <sup>2</sup>	-Ausentarse durante un máximo de 2h/día mentres dure o período de hospitalización, coa percepción integra das retribucións. -Redución de ata 2 horas da xornada, coa redución correspondente das retribucións; isto pode sumarse ao punto anterior (mentres dure a hospitalización) e manterse no tempo ata que o/a fillo/a precise coidados, despois da súa hospitalización. <sup>4</sup>	
Consultas médicas de fillas/os, e parentes (I grao ou II grao con enfermidades graves) Asistencia a titorías do centro escolar dos menores. Asistencia a reunións de coordinación en centros de educación especial (fillo/a con discapacidade)	Permiso para o cumprimento dos deberes inescusable de carácter publico ou persoal e deberes relacionados coa conciliación da vida familiar e laboral, limitado ao tempo indispensable para o cumprimento <sup>6,7</sup>	Permiso previo aviso, limitado ao tempo indispensable para o cumprimento do acompañamento <sup>4</sup>	

Redución da xornada por fillo/a menor de 1 ano		Reducir 1h/dia (retribuída o 50%) ata que fillo/a teña 1 ano <sup>4</sup>
<b>DEREITO Á FORMACIÓN CONTINUA</b>		
MEDIDAS	PDI	PAS
Dereito á formación continua.	Licenzas para estadías docentes ou de investigación: Se a duración da licenza é menor de tres meses, o solicitante poderá percibir a totalidade das súas retribucións. Se a duración da licenza é igual ou superior a tres meses e cando non supere o ano, o solicitante percibirá o 80 % das súas retribucións <sup>10</sup> .	Licenzas para realizar estudos sobre materias relacionadas coa Administración pública, durante o tempo da licenza recibiranse as retribucións básicas. Permito para asistencia a cursos de formación e perfeccionamento durante a xornada laboral cando o contido estea relacionado co posto de traballo ou coa carreira profesional do traballador <sup>4</sup>
Exames finais probas definitivas de aptitude e probas selectivas de emprego público	Permito durante os días da súa realización <sup>2</sup>	Permito durante os días da súa realización <sup>4</sup>
<b>PROTECCIÓN INTEGRAL CONTRA Á VIOLENCIA DE XÉNERO</b>		
MEDIDAS	PDI	PAS
Ausencias do posto de traballo	As faltas de asistencia das traballadoras vítimas de violencia de xénero, totais ou parciais, terán a consideración de xustificadas polo tempo e nas condicións en que así o determinen os servizos sociais de atención ou de saúde <sup>2</sup>	As faltas de asistencia das traballadoras vítimas de violencia de xénero, totais ou parciais, terán a consideración de xustificadas polo tempo que así o consideren os servizos sociais ou de saúde. <sup>4</sup>
Redución de xornada	Redución da xornada con diminución proporcional da retribución, ou a reordenación do tempo de traballo, a través da adaptación do horario, aplicación do horario flexible ou doutras formas de ordenación do tempo de traballo <sup>2</sup>	As vítimas de violencia de xénero teñen dereito á redución da xornada de traballo diaria por horas completas coa diminución correspondente das atribucións. <sup>4</sup>
<b>OUTRAS MEDIDAS</b>		
MEDIDAS	PDI	PAS

Permiso por inscripción como parellas de feito	15 días ininterrompidos, para este caso, a convivencia de feito acreditada legalmente assimílase ao matrimonio <sup>2</sup>	15 días ininterrompidos acumulables ao período de vacacións anuais <sup>4</sup>
--	---	---

#### LEXISLACIÓN APLICABLE:

1. Galicia X de. Ley 6/2013, de 13 de junio, del Sistema universitario de Galicia. In: *Referencia: BOE-A-2013-7911.* <https://boe.es/buscar/pdf/2013/BOE-A-2013-7911-consolidado.pdf>
2. Dirección Xeral de Relacións Laborais X de G. II convenio colectivo para el personal docente e investigador laboral de las universidades de A Coruña, Santiago de Compostela y Vigo. In: *Diario Oficial de Galicia.* ; 2011:6.682-6.694. [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2011/20110414/Anuncio11926\\_es.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2011/20110414/Anuncio11926_es.html)
3. XEFATURA DO ESTADO. Real decreto lei 6/2019, do 1 de marzo, de medidas urgentes para garantía da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e na ocupación. In: *BOE 7 Marzo 2019 Suplemento Galego.* ; 2019.
4. Universidade de A Coruña. Resolución do 30 de xaneiro do 2019 pola que se regula a xornada, o horario de traballo, as vacacións e a concesión de permisos e licenzas do PAS da UDC. In: *Resolución Do 30 de Xaneiro Do 2019.* ; 2019.
5. PRESIDENCIA DE LA XUNTA DE GALICIA. LEY 2/2015, de 29 de abril, del empleo público de Galicia. In: *DOG.* ; 2015:17003.
6. Universidade de A Coruña. ACORDO DO CONSELLO DE GOBIERNO DO 28/02/2018 SOBRE MEDIDAS DE IGUALDADE E CONCILIACIÓN DO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA. In: *CONSELLO DE GOBIERNO DO 28/02/2018.* Vol web UDC. ; 2018.
7. Xunta de Galicia. LEGISLACIÓN CONSOLIDADA Ley 2/2015, de 29 de abril, del empleo público de Galicia. In: *Referencia: BOE-A-2015-5677.* ; 2015.
8. Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas. Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público. In: *Referencia: BOE-A-2015-11719.* ; 2015.
9. MINISTERIO DE CIENCIA IYU. Resolución de 10 de diciembre de 2019, de la Secretaría de Estado de Universidades, Investigación, Desarrollo e Innovación, por la que se fija el procedimiento y plazo de presentación de solicitudes de evaluación de la actividad investigadora a la Comisión. In: *Referencia: BOE-A-2019-17788.* ; 2020.

10. UDC. Acordo do Consello de Goberno do 22 de decembro de 2016 polo que se modifica a Normativa sobre permisos e licenzas do PDI. *web UDC*.  
Published online 2016. doi:<https://doi.org/10.3929/ethz-b-000238666>